

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A PUBLICACIÓN DOS RESULTADOS DEFINITIVOS DE PERSOAS APTAS E NON APTAS NAS PROBAS DO CELGA 2

Código do procedemento: PL500C

De acordo co previsto no apartado décimo da Resolución do 28 de febreiro de 2023, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se convocan as probas para a obtención dos certificados de lingua galega no ano 2023 (DOG núm. 45, do 6 de marzo),

RESOLVO:

Publicar na web **www.lingua.gal** os resultados definitivos das probas para a obtención do Certificado de lingua galega 2 (Celga 2).

Para facilitar a súa localización publícanse por orde alfabética de apelidos.

Segundo o establecido no artigo 11.3 da devandita resolución, as persoas interesadas poderán interpor, no prazo dun mes desde o día seguinte ao da súa publicación, un recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, segundo o previsto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

ANEXO: listaxes por localidade.

Mediante este documento notifícaselle aos interesados o contido desta resolución, segundo o esixido no artigo 40.1 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro).

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente

O secretario xeral de Política Lingüística

P.S. (Decreto 119/2022, do 23 de xuño)

O secretario xeral de Universidades

José Alberto Díez de Castro

